



CONCELLO DE BEADE

P32011001

Rúa Caudillo, s/n 32431 – BEADE

Tel: 988480034 Fax: 988480075 Correo electrónico: info@beade.es

Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de utilización do tanatorio municipal

Artigo 1.- Fundamento e natureza

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este concello establece a taxa pola prestación do servizo de utilización do tanatorio municipal, que se rexerá por esta ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó previsto no artigo 57 do devandito Real decreto legislativo 2/2004.

Artigo 2.- Feito impoñible

Constitúe o feito impoñible da taxa a prestación do servizo do tanatorio municipal. O servizo é de solicitude obrigatoria cando se pretenda obter algún dos beneficios ó que se refire o apartado anterior.

Artigo 3.- Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos os solicitantes da autorización ou da prestación do servizo.

Artigo 4.- Responsables

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 35.2 e 41 da Lei xeral tributaria. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 42 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5.- Cota tributaria

A cota tributaria será a seguinte:

- Pola utilización de cada sala de tanatorio por período de 48 horas: 250 euros, para os residentes no municipio de Beade, e 350 euros, para os non residentes.
- Pola utilización de cada sala de tanatorio que exceda de 48 horas: 100 euros/día.

Artigo 6.- Obriga de contribuír

Aplícase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a prestación dos servizos suxeitos a gravame, entendéndose para estes efectos que a dita iniciación se produce coa solicitude daqueles.

Artigo 7.- Liquidación e ingreso

As persoas interesadas na utilización do tanatorio municipal deberán dirixirse ó concello ou persoas designadas para tal efecto, e cubri-la correspondente instancia. A taxa liquidarase e esixirase en calidade de depósito previo, en todo caso antes de



CONCELLO DE BEADE

P32011001

Rúa Caudillo, s/n 32431 – BEADE

Tel.: 988480034 Fax: 988480075 Correo electrónico: info@beade.es

iniciarse a autorización do aproveitamento solicitado. No caso de denegarse a utilización, os interesados poderán solicita-la devolución da taxa ingresada en calidade de depósito previo.

Artigo 8.- Obrigas dos suxeitos pasivos

Os suxeitos pasivos solicitantes do servizo virán obrigados ó cumprimento da norma de uso, ó coidado e á limpeza do local.

Artigo 9.- Infraccións e sancións

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que a estas correspondan en cada caso, ateranse ó disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria.

Disposición final

Esta ordenanza fiscal entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no BOP, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Beade, 21 de xaneiro de 2010.

O alcalde.

Asdo.: Senén Pousa Soto.